

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

TABOLEIRO DE ANUNCIOS

Pola presente dáselle traslado do literal do Decreto 745.2016 de data 24/10/2016 no que se convoca a sesión do Pleno do Concello na súa condición de membro de dito órgano.

EXPEDIENTE DE CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DE PLENO DE XOVES 27 DE OUTUBRO DE 2016.

EXPEDIENTE Nº 2016/G010/000001

“Descrición decreto: EXPEDIENTE DE CONVOCATORIA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE 27.10.2016

EXPEDIENTE Nº 2016/G003/000807

DON BERNARDO FERNANDEZ PIÑEIRO ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA).

*En uso das atribucións que me confiren os artigos 21.1 c) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e art. 80 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais de 28 de novembro de 1986 e arts. 61.1.c da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, e tendo en conta a relación de expedientes concluídos redactada pola Secretaría municipal o día 24/10/2016, conforme ao establecido nos artigos 81.1a) e 177.2 do RD 2568/86, do 30 de novembro, e o artigo 2 a) do RD 1174/1987, do 18 de setembro, **RESOLVO:***

PRIMEIRO. - Convocar a todas as concelleiras e concelleiros membros do concello Pleno á sesión ordinaria que terá lugar no Salón de Sesións da Casa do Concello, o próximo **xoves día 27 de outubro de 2016, ás 12h** en primeira convocatoria e, no caso de que non existira o quórum preceptivo na primeira convocatoria e segundo o disposto no art. 90 R.O.F., entenderase convocada a sesión automaticamente a mesma hora dous días despois.

SEGUNDO. - Fixar para a devandita sesión a seguinte **ORDE DO DÍA:**

1.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

-SESIÓN ORDINARIA DE 26.09.2016.

2.- ADDENDA PARA MODIFICACIÓN DO CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLARÍA DE MEDIO AMBIENTE DA XUNTA E A FEGAMP EN MATERIA DE RESIDUOS DE APARATOS ELÉCTRICOS E ELECTRÓNICOS. ACORDOS QUE PROCEDAN.

3.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG-ASEMBLEAS ABERTAS DE APOIO ÁS RECLAMACIÓN DOS TRABALLADORES DO MAR.

4.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG-ASEMBLEAS ABERTAS DE OPOSICIÓN Á LOMCE E ÁS SÚAS REVÁLIDAS.

5.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: MOCIÓNS URXENTES.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

**6.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO:
- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA.**

**7. ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO:
-ROGOS E PREGUNTAS.**

TERCEIRO.- Que a presente sexa notificada en tempo e forma a todas as persoas que deben de asistir ao Pleno, así como á Secretaría Xeral e á Interventora Municipal, e publicar no taboleiro de anuncios do concello e no portal de transparencia do Concello. (www.pontedeume.es)

CUARTO.- Dar conta ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por lo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

En Ponte deume, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde D. Bernardo Fernández Piñeiro, do que eu, D^a. Ana Ramos Ramos, como Secretaria, dou fe. (Asinado aos efectos do artigo 2 do RD 1174/1987)."

Rógase que en caso de non poder asistir o comunique á Alcaldía, a través da Secretaría Xeral indicando os motivos que o xustifiquen.

En Ponte deume, asinado dixitalmente na na data que figura na marxe polo funcionario/a tramitador así como pola Secretaria Xeral do concello de Ponte deume Dona Ana Ramos Ramos. (Asinado aos efectos do artigo 2 do RD 1174/1987).

